

A hora de Macao

DescriciÃ³n

Todo estÃa preparado en Macao para a cerimonia de transferencia de poderes. Os Presidentes de Portugal e China, Jorge Sampaio e Jiang Zemin, escenificarÃn a devoluciÃn da Ãltima praza colonial, portuguesa e europea, que aÃnda resta en todo o continente asiÃtico. Para Beijing supÃn a anticipaciÃn das celebracións deste tempo finisecular, aÃnda que segundo o calendario chinÃs o ano 2000 non comeza ata o prÃximo 5 de febreiro, e, sobre todo, simboliza a fin desa Ãpoca de decadencia dun imperio que por milleiros de anos foi o centro da Terra e que sen embargo tivo que renderse Ã presiÃn occidental. China asoma agora Ã novo sÃculo coa inequÃvoca intenciÃn de recuperar o tempo e a grandeza perdida.

A experiencia de Hong Kong pesa como unha lousa sobre Macao, pero entre as dÃas cidades-Estado existen grandes diferencias. Non podÃa ser doutro xeito se atendemos Ãs distintas orixes histÃricas da cuestiÃn e Ãs comportamentos das respectivas metrÃpols en relaciÃn a Beijing. Os portugueses non asentaron en Macau como consecuencia dunha guerra, senÃn a resultas dun paciente tira e afrouxa no que se combinaron pequenas e grandes corruptelas, necesidades defensivas, intereses comerciais, etc. A diferenciaciÃn dos britÃnicos, os portugueses mesturaronse coa poboaciÃn local ata o punto de que esa mestisaxe Ã unha compoñente cultural especialmente relevante neste territorio. Mentres a capacidade econÃmica e financeira de Hong Kong Ã indiscutible e envexable, Macao vive esencialmente da industria do xogo e dos servizos, actividades nas que parasitan mÃltiples sociedades secretas que hai tempo abandonaron o seu patriotismo inicial para abrazar sen recato as mÃis noxentas actividades criminais (dende o trÃfico de heroÃna ata a inmigraciÃn ilegal).

Durante o proceso de negociaciÃns para a devoluciÃn, tan peculiar relaciÃn cristalizou en forma de numerosas concesions da parte portuguesa. Especial importancia reviste a inexistencia dun compromiso para garantir a medio prazo a elecciÃn directa de todos os representantes da Asemblea Legislativa (como acontece en Hong Kong), ou a imperatividade do xuramento de lealdade Ã RepÃblica Popular de todos os altos cargos polÃticos e administrativos do enclave (obriga inexistente en Hong Kong), e mesmo a ambigüidade do capÃtulo relativo Ã defensa que, Ã abeiro da necesidade de combater a criminalidade existente, facilita un amplo despregamento das tropas do ExÃrcito Popular de LiberaciÃn.

Por Ãltimo, serÃa difÃcil para Portugal arrancar das autoridades de Beijing un cambio de criterio a respecto do non recoñecemento da dobre nacionalidade e mesmo variar tanta insistencia de principio na condiciÃn nacional de todos os cidadÃns Ãtnicamente chineses. Como en Hong Kong todos serÃn considerados Ãnicamente chineses e o seu pasaporte portuguÃs non terÃ mÃis valor que o atribuído a un simple documento de viaxe (sen dereito a protecciÃn consular, etc). Pero a minguada defensa da necesidade de garantir a satisfacciÃn das pensions dos empregados pÃblicos, devengadas antes do 20 de decembro, resulta especialmente ilustrativa da febleza lusitana e, a fin de contas, dese interese en rematar canto antes cos restos dun imperio que a estas alturas non da mais ca dores de cabeza (lembremos Timor Leste).

Portugal hai tempo que deu por perdido Macau. De feito, ata tres veces realizou o ofrecemento de devoluciÃn Ãs autoridades chinesas. Na ConstituciÃn de 1975 recoñÃcese expresamente que se trata dun territorio chinÃs baixo administraciÃn portuguesa. Pero o cando e o como desa restituciÃn habÃa fixarse a proveito das autoridades de Beijing.

A partir do prÃximo dÃa 20, Macao serÃ outra RexiÃn Administrativa Especial; gozarÃ dun elevado nivel de autonomÃa, moi superior Ã recoñecido, por exemplo, Ãs minorÃas nacionais; e conforme Ãs designios da fÃrmula "un paÃs, dous sistemas", adiantada por Deng Xiaoping para encarrear o asunto de TaiwÃn, a sÃa identidade econÃmica e social non poderÃ modificarse nos prÃximos cincuenta anos.

En suma, a recuperaciÃn de Macao, mais alÃ da simple transcendencia xeogrÃfica ou econÃmica, incorpora un considerable valor polÃtico para un gobernante Partido Comunista que non soamente non baixou as orellas diante de ningÃn paÃs estranxeiro, senÃn que ademais capitaliza agora este novo e significativo paso no proceso de reunificaciÃn. Ã un logro histÃrico que xunto Ã exito do proceso modernizador, solidifica a influencia e ocupaciÃn social do PCCh e permÃtelle seguir gaÃnando tempo Ã sombra dese florecente nacionalismo que non disimula o seu chamado Ãs portas de TaiwÃn.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADO TEMÁTICO GEOGRÁFICOS

China y el mundo chino ARCHIVO

IDIOMA

Galego

Fecha de creación

diciembre 20, 1999

Campos meta

Autoría : 3717

Data publicación : 1999-12-20 00:00:00